



DATOS IDENTIFICATIVOS

Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento de 0-6 anos

Materia	Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento de 0-6 anos			
Código	O05G110V01104			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Psicoloxía evolutiva e comunicación			
Coordinador/a	Rodríguez Rodríguez, Juan Luís			
Profesorado	Rodríguez Rodríguez, Juan Luís			
Correo-e	juanluisrr@uvigo.es			
Web	http://			
Descrición xeral	Trátase dunha materia de carácter básico, situada no primeiro curso do grao de educación infantil. Facilita a comprensión das claves do desenvolvemento humano e os cambios que teñen lugar nos procesos psicolóxicos (memoria, cognición, linguaxe, etc.) ao longo do período de 0 a 6 anos. Estes coñecementos son nucleares na formación de mestres/as que representan unha ferramenta indispensable para poder contribuír ao desenvolvemento de nenos e nenas a través dunha axeitada planificación dos seus procesos de aprendizaxe.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que o estudiantado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que o estudiantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A5	Que o estudiantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
B3	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas do estudiantado, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos
B6	Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión
C1	Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período 0-6, no contexto familiar, social e escolar.
C2	Coñecer os desenvolvementos da psicología evolutiva da infancia nos períodos 0-3 e 3-6.
C4	Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas.
C8	Saber informar a outros profesionais especialistas para abordar a colaboración do centro e da docente na atención ás necesidades educativas especiais que se susciten
C21	Saber traballar en equipo con outros profesionais de dentro e fóra do centro na atención a cada estudante, así como na planificación das secuencias de aprendizaxe e na organización das situacións de traballo na aula e no espazo de xogo, identificando as peculiaridades do período 0-3 e do período 3-6.
C23	Comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuír á innovación e a mellora en educación infantil.
C24	Dominar as técnicas de observación e rexistro.
C25	Abordar análise de campo mediante metodoloxía observacional utilizando tecnoloxías da información, documentación e audiovisuais.
C26	Saber analizar os datos obtidos, comprender criticamente a realidade e elaborar un informe de conclusións.
C29	Valorar a importancia do traballo en equipo

C30	Participar na elaboración e seguimento de proxectos educativos de educación infantil no marco de proxectos de centro e en colaboración co territorio e con outros profesionais e axentes sociais.
C36	Coñecer a metodoloxía científica e promover o pensamento científico e a experimentación.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita
D6	Capacidade de xestión da información
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D15	Aprendizaxe autónoma

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Dominar os coñecementos necesarios para comprender o desenvolvemento da personalidade dos estudantes de infantil.	A3	B2 B3 B6	C1 C2 C4 C8 C21 C23 C24 C25 C26 C29 C30 C36	D1 D2 D3 D6 D8 D9 D11 D12 D13 D15
Coñecer as características dos estudantes de infantil así como os seus contextos coa finalidade de estimular e potenciar o desenvolvemento persoal de nenos e nenas.	A2 A3	B2 B3 B6	C1 C2 C4 C8 C21 C23 C24 C25 C26 C29 C30 C36	D1 D2 D3 D6 D8 D9 D11 D12 D13 D15
Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas en psicoloxía do desenvolvemento na idade infantil.	A2 A3	B2 B3 B6	C1 C2 C4 C8 C21 C23 C24 C25 C26 C29 C30 C36	D1 D2 D3 D6 D8 D9 D11 D12 D13 D15
Promover o traballo autónomo e en equipo coa finalidade de mellorar o logro académico e desenvolver estratexias que permitan posteriormente participar na mellora dos procesos de desenvolvemento a través das prácticas educativas.	A2 A3 A5	B2 B6	C1 C2 C4 C8 C21 C23 C24 C25 C26 C29 C30 C36	D1 D2 D3 D6 D8 D9 D11 D12 D13 D15

Contidos

Tema	
Paradigmas e teorías do desenvolvemento humano.	Desenvolvemento psicolóxico. Estudo do desenvolvemento humano. Controversias conceptuais. Modelos e teorías explicativas do desenvolvemento.
Contextos e factores do desenvolvemento na idade infantil	Contextos e factores do desenvolvemento na idade infantil
Desenvolvemento físico e psicomotor dos 0 aos 6 anos.	Desenvolvemento prenatal e neonatal. Control do corpo e actividade psicomotriz. Esquema corporal. Lateralización. Desenvolvemento temperán da capacidade perceptiva.
Desenvolvemento comunicativo.	Inicios da comunicación e a interacción social. Comunicación preverbal. Intención comunicativa. Intersubxectividade. Significados e símbolos.
Desenvolvemento cognitivo e lingüístico entre os 0 e 6 anos.	Desenvolvemento da atención. Desenvolvemento da memoria e utilización de estratexias. Orixes da representación mental e sistemas de representación. Razoamento e utilización de regras. Desenvolvemento da linguaxe: fonolóxico morfosintáctico, semántico e pragmático. Comunicación, linguaxe e pensamento.
Desenvolvemento da personalidade e afectivo-emocional entre os 0 e 6 anos.	Temperamento e desenvolvemento da personalidade. Vocabulario básico/técnico elemental. A nosa orixe. Vínculo afectivo e apego. Desenvolvemento da emocións. Coidados básicos do corpo. Coñecemento dun mesmo: Autoconcepto e Autoestima. Identidade de xénero e roles. Abusos sexuais e como evitalos. Preguntas que adoitan realizar as e os menores.
Desenvolvemento social: interaccións e relacións sociais dos 0 aos 6 anos.	Coñecemento social e desenvolvemento de normas e valores. Relacións con iguais. Os irmáns. Interaccións sociais e xogo. Agresividade. Conduta prosocial. A parella, a familia e os vínculos familiares e a colaboración de todas as persoas nas actividades domésticas.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Debate	9	12	21
Lección maxistral	9	22	31
Traballo tutelado	10	40	50
Cartafol/dossier	4	10	14
Aprendizaxe colaborativa	8	10	18
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2
Observación sistemática	4	0	4
Autoavaliación	4	4	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto co alumnado, así como a presentar a materia.
Debate	Actividades na que dúas ou máis grupos defenden posturas contrarias sobre un tema determinado.
Lección maxistral	Exposición dos contidos da materia.
Traballo tutelado	Prácticas desenvolvidas nos grupos pequenos (C) guiadas polo docente.
Cartafol/dossier	Dossier do conxunto de tarefas realizadas na aula e rematadas en casa nos grupos B.
Aprendizaxe colaborativa	O estudante en grupos base traballará contidos teóricos e prácticos a través de diferentes estruturas cooperativas simples e complexas. Esta materia forma parte do Proxecto de innovación docente da Facultade de Educación e Traballo social.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Exposición dos contidos da materia
Traballo tutelado	Atenderanse as dúbidas expostas.
Debate	Actividades na que dúas ou máis grupos defenden posturas contrarias sobre un tema determinado
Cartafol/dossier	Dossier do conxunto de tarefas realizadas na aula e rematadas en casa nos grupos B.
Aprendizaxe colaborativa	Realizarase unha valoración individual do traballo feito individualmente dentro do equipo base para propor as melloras correspondentes.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
			A2	B2	C1	D1
Debate	Os alumnos discuten e achegan sobre un tema, previamente preparado mediante lectura	10	A2 A3 A5	B2 B3 B6	C1 C2 C4 C8 C21 C23 C24 C25 C26 C29 C30	D1 D2 D3 D6 D8 D9 D11 D12 D13 D15
Traballo tutelado	Presentación ao Grupo C do traballo que se está a realizar. Realización dun traballo en grupo, referidos á materia, cun compoñente básico de aplicación práctica. Exposición pública do mesmo. Valórase a presentación do traballo, tanto escrita como oral: o aspecto práctico do mesmo e o deseño con carácter científico.	25	A2 A3 A5	B2 B3 B6	C1 C2 C4 C8 C21 C23 C24 C25 C26 C29 C30 C36	D1 D2 D3 D6 D8 D9 D11 D12 D13 D15
Cartafol/dossier	Cartafol subido a plataforma de teledocencia do conxunto de tarefas realizadas nos grupos B.	25	A2 A3 A5	B2 B3 B6	C1 C2 C4 C8 C21 C23 C24 C25 C26 C29 C30 C36	D1 D2 D3 D6 D8 D9 D11 D12 D13 D15
Exame de preguntas obxectivas	Exame tipo test de todos os contidos teóricos da materia	40	A2 A3 A5	B2 B6	C1 C2 C4 C23 C36	D6 D13 D15

Outros comentarios sobre a Avaliación

Existen dúas modalidades de avaliación:

Alumnado da modalidade de Avaliación Continua: Para o alumnado que siga a avaliación Continua, os traballos serán obrigatorios e contará a asistencia a clase, que tamén será obrigatoria (requírese unha asistencia regular de polo menos o 80% das sesións). Os traballos poderán ser entregados na aula ou subidos á plataforma (Moovi) según o calendario que sexa establecido. Para superar a asignatura será necesario que os alumnos obteñan polo menos o 50% da cualificación proposta para cada apartado, en cada proba ou actividade obxecto de avaliación. Aquel alumnado que non supere algunha das probas ou actividades obxecto de avaliación poderán recuperalas na convocatoria de xullo.

Alumnado da modalidade Avaliación Global: No caso de que un alumno ou alumna non poda seguir a avaliación continua e o traballo en grupo supervisado polo profesorado, terá unha avaliación das competencias da materia, na primeira

convocatoria e nas seguintes, que incluírá: unha proba dos contidos teóricos da materia (40% da nota final); un ou varios traballos de materia (40% da nota), e unha proba dos contidos prácticos da disciplina (20%). Para aprobar a materia, o alumno deberá obter polo menos o 50% da calificación establecida cada unha destas tres partes. Todas as datas de exames oficiais pódense consultar na WEB da Facultade de Educación e Traballo Social, no apartado [Docencia], [Exámenes] ou no seguinte enlace: <http://fcce.uvigo.es/es/docencia/examenos/>

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico.

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para alumnado do curso ponte garantindo, en todo caso, a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Berger, K.S., **Psicología del desarrollo: Infancia y Adolescencia**, Editorial Médica Panamericana, 2016

Papalia, D., Olds, S.W. yFeldman, R.D., **Desarrollo humano**, McGraw-Hill Interamericana, 2012

Muñoz, A. (Coord.), **Psicología del desarrollo en la etapa de educación infantil**, Piramide, 2010

Bibliografía Complementaria

Palacios, J.; Marchesi, A. y Coll, C., **Desarrollo Psicológico y Educación Vol. 1**, Alianza editorial, 1999

Corral, A. y Pardo, P., **Psicología Evolutiva 1. Introducción al desarrollo**, UNED, 2001

Giménez-Dasi, M. y Mariscal, S., **Psicología del desarrollo desde el Nacimiento a la Primera Infancia**, McGraw-Hill, 2008

Perinat, A., **Psicología del desarrollo. Un enfoque sistémico**, Editorial UOC, 2003

Córdoba, A. I.; Descals, A. y Gil, M.D., **Psicología del Desarrollo en la Edad Escolar**, Pirámide, 2006

Delgado, B., **Psicología del Desarrollo. Desde la Infancia a la vejez**, McGraw-Hill, 2009

García Madruga, J.A.; Gutiérrez Martínez, F. y Carriedo López, N., **Psicología evolutiva II. Desarrollo cognitivo y lingüístico. Vol. 1**, UNED, 2002

Morrison, G.S., **Educación Infantil**, Pearson, 2005

Palacios, J. y Rodrigo, M. J., **La familia como contexto de desarrollo humano**, Alianza, 2001

Trianes, M.V. y Gallardo, J.A. (coords.), **Psicología de la educación y del desarrollo en contextos escolares**, Pirámide, 2004

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Psicoloxía: Psicoloxía da educación: Procesos de aprendizaxe infantil/O05G110V01205

Psicoloxía: Fundamentos psicolóxicos da intervención temperá/O05G110V01304

Psicoloxía: Identificación, prevención e tratamento dos trastornos do desenvolvemento e da conduta/O05G110V01402

Psicoloxía: Prevención e tratamento das dificultades na aprendizaxe infantil/O05G110V01305

Outros comentarios

RECOMÉNDASE:

A asistencia á primeira sesión de clase para poder coñecer os obxectivos da materia, a planificación xeral e as opcións de avaliación da mesma.

A asistencia continuada ás sesións de clases e ás titorías para poder seguir o desenvolvemento da materia por parte dos estudantes

O uso continuado da plataforma virtual na que se recollen actividades, orientacións e criterios de avaliación para o correcto desenvolvemento da materia.

Teranse en conta situacións persoais de non asistencia. Deberán comunicarse no principio do curso os efectos oportunos.

Usarase como libro referente o de BERGER citado na bibliografía.

Esta materia forma parte do Proxecto de innovación docente da Facultade de Educación e Traballo social.

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).
